

Educar para a sostenibilidade nos museos de hoxe: as visitas guiadas no Aquarium Finisterrae

Education for sustainability in museum today. The guide tours in Aquarium Finisterrae

Begoña Rivera Estévez. Universidade da Coruña (Galicia-España).

Resumo

O Aquarium Finisterrae é un claro exemplo do que se coñece hoxe en día como “novo museo”. A súa interatividade e as súas múltiples actividades, permiten o acceso á toda a cidadanía, co fin de promover a participación e un pensamento crítico fronte ás accións das persoas có medio. Unha das actividades máis demandadas do Aquarium son as visitas guiadas. A partir da análise en primeira persoa e as informacións rescatadas das entrevistas a profesores, a profesionais e a visitantes, darei a coñecer a importancia que ten este museo, así como as vistas guiadas ao mesmo para o público visitante.

Abstract

Aquarium Finisterrae is a clear example of what is known today as “new museum”. Its interactivity and its many activities, allow access to all citizens in order to promote the participation and critical thinking ahead to the actions of man with the environment. One of the most sought after are the Aquarium of the guided tours. From the analysis in the first person and the information rescued from interviews with teachers, professionals and visitors, give to know the importance of this museum, as well as the views guided the same for the public visitors.

Palabras chave

Medio ambiente, museos, visita guiada, Aquarium Finisterrae, participación.

Key-words

Environment, museum, guided visit, Aquarium Finisterrae, participation.

Introdución

O presente artigo xorde da elaboración do meu traballo de fin de grao na Universidade de A Coruña e máis concretamente do grao de Educación Social. O obxectivo de dito traballo, *“As visitas guiadas no Aquarium Finisterrae: análise do potencial educativo con distintos públicos”*, foi coñecer o seu valor, tanto como valor didáctico de acompañamento á escola, como de goce do tempo de lecer da cidadanía en xeral. Os Museos interactivos da cidade de A Coruña e, en especial o Aquarium, son un recurso de grande interese educativo, xa que facilitan información dunha forma moi atractiva e provocan aprendizaxes significativas.

Na nosa sociedade, produto dun modelo de “estado de benestar”, a calidade de vida de toda a cidadanía é o obxectivo común, tanto dos gobernos como da comunidade. Na actualidade, moitos servizos e dereitos sociais están a deteriorarse debido a diversos problemas, entre outros, de carácter económico e político. Ademais, nas últimas décadas estanse a incrementar os problemas de carácter ambiental, que tamén afectan directamente sobre a calidade de vida: o cambio climático, o efecto invernadoiro, a sobreexplotación dos recursos, a contaminación de hábitats e da auga, a perda de biodiversidade... Trátase de problemas resultado de accións realizadas polas persoas, que

vanse a incrementar a partir da Revolución Industrial. Resolver os problemas ambientais ou previlos, implica a necesidade de cambiar hábitos ou comportamentos, para modificar os efectos da nosa actividade tanto a nivel individual como colectivo.

No contexto español, coa aparición de diferentes asociacións ecoloxistas e de cooperación ao desenvolvemento, a partir dos anos 70, xorde unha grande sensibilidade da poboación en torno a este tema, que vai adquirindo características dun movemento reivindicativo, de carácter educativo, no que se involucrarán distintos actores (educadores, conservacionistas, investigadores, ecoloxistas...) baixo unha denominación común, a *Educación Ambiental*. A partir do recoñecemento e apoio a nivel político e administrativo, nos anos 80, vaise ir institucionalizando, a través de programas que buscan a posta en práctica de actividades e proxectos, moitas das veces a través de equipamentos públicos e privados (granxas escola, aulas da natureza, centros de interpretación e incluso museos). Un exemplo deste último, tivo lugar en A Coruña no ano 1999, cando se crea o terceiro dos tres museos científicos da cidade, o Aquarium Finisterrae, un centro interactivo para divulgar os valores do mundo mariño e promover actitudes positivas e críticas fundamentalmente sobre o medio mariño.

Este centro considérase tamén un exemplo do que se coñece hoxe en día como

“museo moderno”, cunha nova pedagogía museística que permite realizar e ampliar o abano de posibilidades á hora de poñer en práctica diferentes actividades. Nestes museos non só se pode escoitar aos profesionais, ver vídeos e documentais, leer textos e folletos, etc. senón que ademais ofrecen actividades nas que os participantes son escoitados e se lles convida a utilizar os diferentes sentidos para aprender (manipular, cheirar, observar...).

Educación Ambiental e Desenvolvemento Sostible

A partir da década dos 60, comeza a sentirse unha preocupación pola temática ambiental a nivel mundial, debido ao rápido crecemento dos problemas ambientais e o deterioro da contorna. O medio ambiente comeza a percibirse como un “problema” e un tema de investigación a partir da II Guerra Mundial, momento no que dominaban as cuestións relacionadas coa economía. Neste preciso momento, é cando o concepto de “medio” comeza a ser entendido de diferente maneira, xa non só como a relación entre os elementos físicos e biolóxicos que o conforman (unha visión máis centrada na ecoloxía), senón como un todo onde a interacción das persoas-medio configúrase na base destes problemas (unha visión máis socioambiental).

A “educación ambiental” é recoñecida como unha estratexia de intervención no ano 1972 en Estocolmo, durante a Conferencia de Nacións Unidas sobre o Medio Humano. A partir deste momento, créanse organismos e programas internacionais, e irán celebrando diferentes congresos e conferencias internacionais para tratar esta temática, entre as que caben destacar: o *Coloquio Internacional sobre Educación relativa ao Medio Ambiente* (Belgrado, 1975), a *Conferencia Intergubernamental sobre a Educación relativa ao Medio Ambiente* (Tbilisi, 1977), o *Congreso Internacional de Educación e Formación sobre Medio Ambiente* (Moscú, 1987), a *Declaración de Rio sobre Medio Ambiente e o Desenvolvemento* (Rio de Janeiro, 1992), a *Conferencia Internacional Medio Ambiente e Sociedade: Educación e Sensibilización para a Sustentabilidade* (Telasónica, 1997), o *Cumio Mundial de Desenvolvemento Sostible* (Johannesburgo, 2001), o *Congreso Internacional sobre Educación Ambiental, Tsibili+30* (Ahmedabad, 2007), a *Conferencia Mundial da UNESCO sobre Educación para o Desenvolvemento Sostible* (Bonn, 2009) e a *Conferencia Mundial para o Desenvolvemento Sostible* (Nagoya, 2014).

Ten especial interés o *Congreso Internacional de Educación e Formación sobre Medio Ambiente* de Moscú, que tivo lugar en 1987, porque definiu a educación ambiental como “o proceso permanente no cal os individuos e as comunidades adquiren conciencia do seu medio e aprenden os

coñecementos, os valores, as destrezas, a experiencia e tamén a determinación que lles capacite para actuar, individual e colectivamente, na resolución dos problemas ambientais presentes e futuros” (COMISIÓN TEMÁTICA DE EDUCACIÓN AMBIENTAL, 1999, p.6).

A medida que a sociedade cambia, van aparecendo novas propostas relacionadas coa educación ambiental, dende unha visión diferente, como é o caso do *Desenvolvemento Sostible*. Este comezou a ter importancia na Comisión Mundial sobre Medio Ambiente e Desenvolvemento en 1987, na cal se definiu como *“aquele desenvolvemento que busca paliar as necesidades actuais dos individuos, sen comprometer ás xeracións que están por chegar”*. Dende ese momento, inténtase que a Educación Ambiental e o desenvolvemento sostible camiñen xuntos por uns obxectivos en común (MEIRA et al, 2010,p.13):

- Estimular a concienciación dunha cidadanía acerca das relacións económicas, políticas, sociais e ecolóxicas, do mundo moderno.
- Proporcionar a cada persoa a oportunidade de adquirir saberes necesarios para interpretar os complexos fenómenos ambientais, os valores morais e estéticos, as actitudes e as capacidades que son necesarias para poñer en práctica solucións eficaces para estes problemas.
- Promover novos patróns de comportamento para o entorno nos individuos,

grupos ou comunidades, utilizando diferentes medios e métodos educativos, destacando sobre todo, as actividades prácticas, as experiencias persoais e as dinámicas colectivas.

A educación é unha ferramenta básica para transformar a nosa sociedade; a Educación Ambiental non debe limitarse a unha reflexión teórica, senón que debe fomentar valores de concienciación e sensibilización. Esta debe ser entendida como *“unha vía de replantexamento das nosas relacións coa biosfera, á vez cun instrumento de transformación social e empoderamento dos máis débiles, todo isto coa meta final de conseguir sociedades máis armónicas e equitativas”* (Novo, 2009,p.198).

Breve paseo pola evolución museística

O Aquarium Finisterrae é un exemplo de institución divulgadora de temática ambiental, pero non só diso, senón tamén do que se coñece en pedagogía museística como *“novo museo”*.

As institucións museísticas, así como outras institucións de tipo de carácter cultural, educativo e social, foron evolucionando con celeridade nas últimas décadas. *“A idea de que os museos son educadores potencias estivo latente dende que a ad-*

quisición de obxectos valiosos e interesantes comezou a producirse fai xa moitos anos" (PASTOR, 2004,p.25), mais na actualidade os museos son moito máis que almacéns de coleccións.

Estas institucións teñen as súas orixes na Idade Antiga, cando a cultura era vista como un privilexio reservado a un pequeno grupo pechado de individuos, que na maioría dos casos eran monarcas e aristócratas. A medida que foi avanzando a sociedade, xa na Idade Media, os templos e lugares sagrados eran os únicos espazos onde se expoñían estas coleccións. Os obxectos mostrados eran en moitos casos doazóns dos monarcas.

Coa entrada do Renacemento comeza a dárselle valor económico e hedonístico ás obras. Neste momento xa non só se busca unha simple peza valiosa, senón que se centraba especial interese polos obxectos raros e únicos. É neste momento que comezan a xurdir as primeiras coleccións de ciencias naturais con certo valor científico, e a sociedade comeza tamén a preocuparse polo seu patrimonio natural. A protección e sensibilización sobre a nosa contorna comeza a ser un tema importante a tratar, polo que crece a demanda de visitas neste tipo de museos que irán pasando a ser de dominio público. Máis recentemente, obsérvase como as persoas móstranse cada vez máis interesadas pola cultura e desde as institucións invírtese en fomentar o que se

coñece como *turismo cultural*, entendido como un *"desprazamento de persoas dende os seus lugares habituais de residencia ata os lugares de interese cultural coa intención de recoller información e experiencias novas que satisfagan as súas necesidades culturais"* (RAMOS, 2007, p.67).

Co achegamento do museo á comunidade, comeza a ter grande relevancia o perfil das persoas visitantes para as que se irán deseñando programas específicos: dende familias que buscan unha contorna social onde os seus membros poidan estar xuntos e ter acceso ás actividades que poidan compartir, até grupos educativos, persoas ou grupos de persoas de todas as idades, que ven o museo como espazo de entretemento. Comezan a ser usuarios habituais as persoas con necesidades especiais, que precisan que o museo estea adaptado para poder gozar ao igual que o resto de destinatarios.

Para levar a cabo unha organización institucional de todo este proceso, comézase a crear nestas institucións, unha serie de departamentos de carácter didáctico e divulgativo cos respectivos profesionais. Un exemplo disto, son os departamentos de educación que algúns museos teñen, cuxo obxectivo é ofrecer os servizos educativos aos visitantes.

Hoxe en día co fin de promover a participación da comunidade, os museos deben ser quen de actuar como un medio

de divulgación e sensibilización. É dicir, deberán producir mensaxes intencionados a través das súas exposicións, salas temáticas, folletos, audiovisuais e outras moitas formas, como as novas tecnoloxías (TIC), para cubrir os intereses dos visitantes. Deben de traballar en rede con outra series de institucións para fomentar a alfabetización científica do cidadán, que *“...este dispoña dos coñecementos e ferramentas básicas que lle permitan “ler” a realidade, marcada polo desenvolvemento científico-tecnolóxico coas súas implicacións sociais, humanas, económicas, éticas... e actuar nela, tanto a nivel persoal como colectivo de forma reflexiva e responsable”* (ARMESTO, MARTÍNEZ & GARCÍA, 2005, p.2).

A utilización de novas tecnoloxías que facilitan e acheguen ás informacións aos visitantes de formas pouco convencionais, son rasgos característicos do “novo museo” ou “museo moderno”. Mais estas institucións non só facilitan información, deben ser quen de facer partícipes aos cidadáns nos programas e en accións conxuntas. Os profesionais das mesmas, deben de traballar man a man co público, co obxectivo de promoverlles actitudes e pensamentos críticos, a través de diversas estratexias, xa que *“un museo moderno debe favorecer a provisión de estímulos baseados nos obxectos e fenómenos da realidade”* (WAGENSBERG, 2013, p.2).

Caso práctico: o Aquarium Finisterrae

O Aquarium Finisterrae ou Casa dos Peixes inaugurada en xuño de 1999, xunto coa Casa das Ciencias e a DOMUS (Casa do Home), creadas en xuño de 1985 e en abril de 1995, conforman os tres museos científicos da cidade de A Coruña.

A principal característica do Aquarium é que é un centro interactivo destinado a crear actitudes positivas a prol do medio ambiente. Para isto vai contar con tres grandes salas e espazos exteriores acondicionados para expor especies vivas. No que respecta ás salas, cabe salientar:

- *Sala Maremagnum*, que presenta módulos interactivos que responden a preguntas relacionadas con temas medioambientais e mariños. Ademais contén dous elementos singulares: a *Oceanosfera*, un proxector esférico dixital para a simulación de fenómenos globais da Terra vistos dende o espazo; e a *charca das caricias*, un tanque no que o público baixo a supervisión de monitores pode tocar algúns dos animais mariños e saber máis sobre eles.
- *Sala Humboldt*, na que se desenvolven exposicións temporais. No momento da investigación mostrábase *“Muultiplicaos”*, na que se trataba a temática da acuicultu-

- ra e abordaban cuestións como: as especies que se poden cultivar, a perspectiva medioambiental da acuicultura, aspectos nutricionais ou cuestións culturais e sociais relacionados co cultivo de especies acuáticas.
- *Sala Nautilus*, a decoración desta sala basease no Gabinete do Capitán Nemo en “20.000 leguas de viaxe submariño” libro de Julio VERNE. Nela pódese observar un grande acuario que circunda a sala, como si esta estivesa sumerxida nun océano, onde podemos atopar os maiores peixes do Atlántico. O máis sorprendente é a quenlla toro, que neste museo recibe o nome de Gastón.
 - *Os exteriores* do Aquarium contan con zonas axardinadas con plantas de ecosistemas litoriais de Galicia. Cómpre destacar o *Paraíso Mariño* e o *Piscinarium*: o primeiro deles fai referencia a unha grande piscina, coa auga que entra directamente do mar e na que se pode observar a cinco focas macho. Na segunda, pódese observar a nove focas femias. Ademais de todo isto tamén podemos ver outro pequeno tanque composto por numerosos peixes raia.
- Nestas instalacións realízanse a diario múltiples actividades dirixidas a diferentes públicos (Táboa 1).

	Alumnado/profesorado		Outro público	
	Outono/Inverno	Primavera/Verán	Outono/Inverno	Primavera/Verán
Visita guiada	<i>Visitas guiadas para todas as idades educativas. O alumnado da E.S.O leva a maiores unha actividade e os de Bacharelato inclúen en ocasións unha conferencia.</i>			<i>Visitas guiadas para todo o público.</i>
Actividades	<i>Alimentación de focas e quenllas.</i>	<i>Alimentación de focas e quenllas. Aventura coas focas (>7 anos). Viaxe ao centro do Aquarium (>14 anos). Merendas no Aquarium (4-13 anos).</i>	<i>Alimentación de focas e quenllas.</i>	<i>Alimentación de focas e quenllas. Aventura coas focas (>14 anos). Viaxe ao centro do Aquarium (>14 anos).</i>
Obradoiros		<i>Obradoiro infantil “Quenllas” (>6 anos) Obradoiro “Consumo Responsable de peixe”</i>		<i>Obradoiro “Consumo Responsable de peixe”</i>

Táboa 1: Programas en función do tipo de visitantes.

Avaliando a oferta de programas e actividades

Para coñecer se os servizos ofertados eran equitativos en canto aos distintos grupos sociais (atendendo fundamentalmente ás idades) recurrimos ás entrevistas semiestructuradas aos profesionais do museo e ao profesorado que participa nas actividades do acuario, e a través da observación (tanto a observación sistemática-estructurada como a participante pasiva).

En canto aos destinatarios, e como ben queda reflexado na Táboa 1, o Aquarium ofrece actividades a toda a poboación, pero sobre todo ao *público escolar*. O número de actividades “exclusivas” para estos grupos, fan ver que os esforzos recaen neste colectivo, deixando pouco de marxe ao resto da sociedade durante os meses de curso escolar. Ante isto, é preciso mellorar a oferta a outros colectivos que axude a equilibrar o abano de actividades, sobretudo para o familiar durante os fins de semana. É preciso manter durante o inverno as visitas durante a semana lectiva aos colexios, debido á súa grande demanda, e porque permiten aprender facendo, é dicir, achega aos rapaces ao mundo real, facilitando o contacto cos distintos recursos e promovendo a interacción entre eles e con outros colectivos.

Tras unha entrevista realizada a unha profesora que asisitiu a esta actividade cos seus

alumnos puiden comprobar que as informacións que os profesionais transmitían eran moi útiles no ámbito escolar. Ela mesma confirmaba que a asistencia ao Aquarium era vista como un acompañamento ao currículo escolar, máis concretamente na materia de coñecemento do medio, co cal os rapaces obtían información real dos animais que viven nas súas costas, á vez que lle servía para entender o temario. Pola súa banda, a coordinadora do departamento de atención ao público do Aquarium, tamén confirma que algunhas das informacións que transmite son de grande interese para o alumnado, baseándose no grande número de preguntas e comentarios que suscitan.

As visitas guiadas son as que teñen maior demanda. Cómpre dicir que o Aquarium conta cun número aproximadamente de 10 guías, que se encargan de realizar os percorridos cos diferentes grupos. Cada profesional faise cargo dun grupo de máximo 50 persoas. Comprobamos que o número de profesionais que realizan esta actividade é escaso para atender a demanda. Ademais, a normativa galega sinala que cando as actividades se fan dentro dun centro o ratio non debe superar as 20 persoas por guía (Dog, 2001). Para acompañar aos escolares, propoño a creación dun servizo de adultos voluntarios, pensando naquelas persoas con tempo libre e interese en colaborar co Aquarium ou estudantes de prácticas da universidade de A Coruña ou doutras institucións educativas. Estas persoas acompañarían aos escolares entre semana e realizarían ta-

mén a visita, servindo de apoio ao guía, e axudarían a unha mellor organización.

Respecto á divulgación do programa de actividades, o Aquarium utiliza diferentes técnicas: deseñan e reparten trípticos e folletos informativos, e utilizan as novas tecnoloxías, entre as que destacan a páxina web oficial (<http://mc2coruna.org/aquarium/>). Na nova museoloxía, as TIC son utilizadas cada vez máis porque permiten chegar a un maior número de persoas, razón pola que realicei unha breve análise da web.

Na páxina web oficial, cómpre destacar a información que aportan, tanto pola súa claridade como polo seu contido; céntrase nos servizos que o centro ofrece. A boa organización da páxina facilita a navegación, e parece dirixida fundamentalmente ao público adulto. Resulta interesante para aquelas persoas especializadas no tema, xa que nela pódense descargar publicacións científicas gratuitamente e que tratan diferentes temáticas. Pola contra, a linguaxe pódese facerse difícil para os máis pequenos e resulta pouco interactiva e atractiva para este público. Propoño engadir algún contido in-

teractivo para o público máis numeroso (escolar), e crear un apartado de información e contidos pensado para este público, incluíndo xogos e publicacións adaptadas ás súas idades. Tamén é importante realizar ou propoñer actividades para o público que non pode visitar o museo, pero que pode participar activamente a través da rede. Sería tamén interesante incluír un percorrido virtual, a modo de visita guiada, na que se mostren os aspectos máis característicos do centro, así como as novidades.

Por último, e respecto á avaliación por parte dos profesionais cara ao grupo de alumnos que asisten á visita e viceversa, para coñecer como é valorada a actividade, o traballo profesional e a participación do alumnado atopámonos que carecen de sistemas de avaliación, baseándose na falta de tempo e o elevado número de rapaces e rapazas que conforman os grupos que asisten ás visitas. Atendendo a esta limitación propoño un novedoso cuestionario dirixido tanto para os máis pequenos como para a xente adulta, baseado no modelo creado por Mavi LEZCANO e Marlene ANAYA (Ilustracións 1).



Ilustración 1: Fichas de avaliación atendendo aos distintos públicos.

A modo de conclusión

Para finalizar cómpre dicir que somos coñecedores de que o patrimonio, cultural e natural, deixou de considerarse un luxo para uns poucos, para atoparse ao alcance de todos. Podemos afirmar como obxectivo destes museos, o que sinalan os seguintes autores: “*Trátase de perder ese antigo carácter místico e elitista do coñecemento científico, só apto para persoas especialmente dotadas intelectualmente ou transformalo nun saber accesible, útil e interesante; é dicir, facer que a cidadanía vexa a ciencia con outros ollos*” (ARMESTO, MARTÍNEZ, & GARCÍA, 2005, p.2).

Os servizos ofertados polo Aquarium non só son unha boa experiencia para os escolares, senón que amplía o seu abano de actividades para chegar a toda a poboación. O Aquarium Finisterrae busca ofrecer un servizo de educación permanente, ou o que é o mesmo, continuada ao longo de toda a vida, que axude a que as persoas podan seguir adquirindo coñecementos e habilidades cando superan a idade escolar, facendo fincapé sempre nos valores de respecto do home co medio que o rodea.

Referencias bibliográficas

- ARMESTO, F.; MARTÍNEZ, C. e GARCÍA, S. 2005. Museos como resposta a las necesidades de formación de la ciudadanía. *Revista Electrónica Alambique*, nº 43, pp. 1-5.
- COMISIÓN TEMÁTICA DE EDUCACIÓN AMBIENTAL, 1999. *Libro Blanco de la Educación Ambiental en España*. Madrid: Ministerio de Medio Ambiente.
- MEIRA, P.A.; IGLESIAS, L.; PARDELLAS, M.; GUTIÉRREZ, X.; SERANTES, A.; SOTO, S.; ESTÉVEZ, N. 2010. *O Proxecto Fénix. Proceso Diagnóstico e Actualización da Estratexia Galega de Educación Ambiental. Documento de Síntese*. Santiago: Xunta de Galicia.
- NOVO, M. 2009. La educación ambiental: una genuina educación para el desarrollo sostenible, *Revista de Educación*, número extraordinario, pp. 195-217.
- PASTOR HOMS, M^a I. 2004, *Pedagogía museística. Nuevas perspectivas y tendencias actuales*. Barcelona: Ariel.
- WAGENSBERG, J. 2013. A favor del conocimiento científico. *Revista Electrónica Alambique*, nº 18, pp. 1-8.